

**INFORME CLIMATOLÓXICO
MES DE NOVIEMBRE DE 2017**



ÍNDICE

| | | |
|------|---|----|
| 1 | INTRODUCCIÓN | 3 |
| 2 | DESCRIPCIÓN SINÓPTICA DO MES | 4 |
| 3 | ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA | 5 |
| 4 | RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA. | 7 |
| 5 | TEMPERATURA | 11 |
| 5.1. | Temperatura media das máximas. | 11 |
| 5.2. | Temperatura media das mínimas. | 12 |
| 5.3. | Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010. | 13 |
| 5.4. | Evolución da temperatura media no período 1961-2017. | 17 |
| 6 | PRECIPITACIÓN | 18 |
| 6.1. | Precipitación acumulada mensual novembro 2017 | 18 |
| 6.2. | Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal. | 19 |
| 6.3. | Días de chuvia en novembro de 2017 | 20 |
| 6.4. | Evolución da precipitación en novembro de 2017 | 22 |
| 7 | VENTO | 23 |
| 8 | RADIACIÓN SOLAR | 27 |
| 8.1. | Mapa de irradiación solar mensual | 27 |
| 8.2. | Anomalía de insolación con respecto ó valor normal. | 28 |
| 9 | RAIOS | 29 |

Anexo: Resumo mensual

Data edición: 15/12/2017



Mes moi seco. Temperaturas máximas lixeiramente por riba do agardado e mínimas por debaixo.

1 INTRODUCCIÓN

Neste informe considérase o período climático de referencia **1981-2010**. Así, as anomalías calculadas nas táboas, mapas e gráficos, e percentiles calcúlanse con respecto a este período de referencia.

Para caracterizar o mes en función da temperatura considéranse os seguintes criterios:

| Percentil | Categoría |
|-----------------------|------------------------|
| < mínimo en 1981-2010 | Extremadamente frío |
| Entre 5% e 20% | Moi frío |
| Entre 20% e 40% | Frío |
| Entre 40% e 60% | Normal |
| Entre 60% e 80% | Cálido |
| Entre 80% e 95% | Moi cálido |
| >máximo en 1981-2010 | Extremadamente cálido. |

Táboa 0.1. Cualificación do mes en función da temperatura.

Para caracterizar o mes en función da precipitación considéranse os seguintes criterios:

| Percentil | Categoría |
|-----------------------|------------------------|
| < mínimo en 1981-2010 | Extremadamente seco |
| Entre 5% e 20% | Moi seco |
| Entre 20% e 40% | Seco |
| Entre 40% e 60% | Normal |
| Entre 60% e 80% | Húmido |
| Entre 80% e 95% | Moi Húmido |
| >máximo en 1981-2010 | Extremadamente Húmido. |

Táboa 0.2. Cualificación do mes en función da precipitación.



2 DESCRICIÓN SINÓPTICA DO MES

O mes de novembro foi un tanto anómalo, xa que as chuvias estiveron moi concentradas en dous episodios concretos a principios do mes e xa na penúltima semana, sendo o 3 e o 24 os días máis chuviosos. No medio destes episodios tivemos aínda algunhas precipitacións, pero en xeral predominaban as entradas de norte, achegando polo tanto aire frío e deixando chuvia pouco significativa na metade norte.

Así, o día 1 comezou aínda baixo condicións anticiclónicas que se foron deteriorando co avance da xornada, chegando as nubes e as primeiras precipitacións na tarde-noite deste primeiro día do mes. O día 2 as chuvias foron xa máis xeneralizadas e intensas, aínda que non moi persistentes. O mesmo sucedeu na xornada do 3 cando se rexistraban chuvias torrenciais nalgúns puntos do oeste á primeira hora, pero a continuación as chuvias fóronse producindo de xeito moi irregular.

O día 4 tivemos aínda algunha chuvia moi illada e ocasional e xa na xornada do 5 dominaba completamente o anticiclón.

A semana entre o 6 e o 12 Galicia moveuse nunha área intermedia entre as altas e as baixas presións, co anticiclón no Atlántico e as baixas presións no Mediterráneo, polo que o vento predominante foi de norte. Isto deixou ceos máis anubrados e mesmo algunhas chuvias illadas e ocasionais no terzo norte, mentres que no sur de Galicia predominaba o tempo seco e moi soleado polas tardes.

Na semana entre o 13 e o 19 a situación foi completamente anticiclónica e tódolos días foron moi semellantes, con néboas no interior e frío polas mañás, rexistrándose xeadas en moitos puntos do interior, pero tardes solleiras con vento en calma e temperaturas agradables.

Esta situación aínda se prolongaba ao comezo da seguinte semana e soamente comezou a mudar na xornada do 22 co achegamento de baixas presións dende o Atlántico. A inestabilidade estendeuse na tarde do 22 e nas xornadas do 23 e 24, sendo este último un día de chuvia persistente, xeneralizada en toda Galicia e de intensidade moderada, acumulándose cantidades significativas en toda a Comunidade.

Pero a situación volveu mudar bruscamente o sábado 25 coa entrada de altas presións que aportaron estabilidade e deixaron apertura de grandes claros xa na tarde do propio 25. As altas presións mantivéronse sobre Galicia o día 26, para volver a unha área intermedia

entre altas e baixas presións con ventos de compoñente norte nas derradeiras 4 xornadas do mes. O período entre o 27 e o 30 quedou por tanto caracterizado polo tempo cambiante na metade norte de Galicia, rexistrándose chuvascos ocasionais, e a estabilidade no sur, onde as xeadas foron intensas no interior, pero con predominio de tempo seco e moi soleado polas tardes.

3 ANOMALÍAS DE PRESIÓN EN SUPERFICIE E ALTURA

No mapa de anomalías de presión en superficie (Figura 1) e tamén no mapa de 500hPa (Figura 2) apréciase unha forte anomalía positiva centrada ao sur de Islandia, afectando á nosa Comunidade o que se reflicte a estabilidade que propiciou que as xornadas de chuvias xeneralizadas fosen escasas. Así mesmo a entrada predominante de aire de Norte- Nordés, fixo que as mínimas fosen baixas en xeral.

Anomalías da presión atmosférica a nivel medio do mar.




Figura 1: Anomalías de presión en superficie. Novembro-2017.

Anomalías do xeopotencial para a presión de 500 hPa.




Figura 2: Anomalías de xeopotencial en 500hPa. Novembro-2017.

4 RESUMO CLIMATOLÓXICO NAS PRINCIPAIS CIDADES DE GALICIA.

Compáranse os valores rexistrados no mes en curso nas estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia (A Coruña-Torre de Hércules (CTH), Santiago-EOAS, Campus Lugo, Lourizán e Ourense) cos valores climáticos, no período 1981-2010, para ese mes, obtidos a partir da serie histórica máis próxima (A Coruña-Estación Completa (CEC) / Santiago-Astronómico / Lugo-Fingoi / Ourense-granxa, estacións da AEMET e Lourizán, de MeteoGalicia).

Debido á localización das estacións meteorolóxicas da cidade de A Coruña, CTH (costeira) e CEC (urbana), o comportamento en canto á temperatura difire en determinadas situacións meteorolóxicas, polo que na táboa de A Coruña inclúense os datos de ambas estacións e se compara a estación CEC contra si mesma no período de referencia climático 1981-2010.

O valor climático corresponde á media destes 30 anos para o mes considerado. Móstranse tamén os valores extremos da serie e o ano no que se acadaron. No caso das temperaturas máximas (mínimas) absolutas, móstrase o valor máximo (mínimo) da serie histórica mensual e a data na que se acadou. As temperaturas danse en °C e as precipitacións en mm (ou L/m²). O número de días de chuvia corresponde á suma dos días nos que a precipitación rexistrada é igual ou maior a 1 mm.



A CORUÑA

| | NOVEMBRO 2017 CTH/CEC | VALORES CLIMÁTICOS* | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|-------------------------|-----------------------------|------------------------|--------------------------|--------------------------|
| Tª media | 13.2/13.0 | 13.2 | 15.7 (2015) | 10.8 (1966) |
| Tª mínima media | 10.1/9.8 | 10.5 | 13.2 (2015) | 7.9 (1956) |
| Tª mínima absoluta | 4.4/4.1 (día 30) | 2.6 (29/11/2010) | | |
| Tª mínima máis alta | 15.2/14.6 (día 22) | 19.1 (06/11/2015) | | |
| Tª máxima media | 16.3/16.1 | 15.9 | 19.7 (1947) | 13.1 (1966) |
| Tª máxima absoluta | 21.4/20.7 (día 21) | 25.0 (07/11/2003) | | |
| Tª máxima máis baixa | 11.4/11.5 (día 29/30) | 8.4 (29/11/1969) | | |
| Precipitación acumulada | 57 | 116-149 | 297 (2003) | 2 (1981) |
| Días de chuvia (≥1mm) | 11 | 14 | 28 (1935) | 1 (1981) |

Comentario: Mes frío en canto as mínimas e cálido para as máximas. Como resultado disto o mes cualifícase nas temperaturas medias como normal.

A precipitación rexistrada é moi inferior ao rango de valores normais, polo que o mes considérase moi seco. Isto reflíctese tamén no número de días de chuvia, inferiores ao valor climático normal..

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1931-2017 Temperatura: 1948-2017

SANTIAGO

| | NOVEMBRO 2017 | VALORES CLIMÁTICOS* | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|-------------------------|------------------|------------------------|--------------------------|--------------------------|
| Tª media | 11.0 | 11.5 | 14.5 (1983) | 9.8 (2010) |
| Tª mínima media | 6.7 | 7.8 | 11.0 (1983) | 6.0 (2010) |
| Tª mínima absoluta | 0.2 (día 28) | -3.0 (29/11/2010) | | |
| Tª mínima máis alta | 13.4 (día 23) | 17.0 (07/11/1985) | | |
| Tª máxima media | 15.2 | 15.1 | 17.9 (1983) | 13.5 (2010) |
| Tª máxima absoluta | 20.1 (día 19) | 24.7 (07/11/2003) | | |
| Tª máxima máis baixa | 9.7 (día 29) | 5.5 (26/11/1985) | | |
| Precipitación acumulada | 101 | 172-251 | 475 (2000) | 16 (2001) |
| Días de chuvia (≥1mm) | 8 | 16 | 26 (2000) | 3 (2001) |

Comentario: Mes frío tendo en conta as mínimas e lixeiramente cálido para as máximas. Isto convértese nun mes normal para as temperaturas medias.

A chuvia rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, considerándose o mes moi seco. O número de días de chuvia tan só acadou a metade do valor climático agardado.

* Valores climáticos 1982-2010. Precipitación:1982-2017. Temperatura: 1982-2017



LUGO

| | NOVEMBRO 2017 | VALORES CLIMÁTICOS* | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|-------------------------|------------------|------------------------|--------------------------|--------------------------|
| Tª media | 8.6 | 9.2 | 11.8 (1992) | 7.5 (2001) |
| Tª mínima media | 3.0 | 5.2 | 8.7 (1992) | 2.2 (2007) |
| Tª mínima absoluta | -3.6 (día 28) | -6.4 (17/11/2007) | | |
| Tª mínima máis alta | 10.3 (día 23) | 17.0 (07/11/1985) | | |
| Tª máxima media | 14.2 | 13.1 | 16.4 (2015) | 11.3 (2008) |
| Tª máxima absoluta | 19.7 (día 22) | 23.2 (08/11/2015) | | |
| Tª máxima máis baixa | 7.2 (día 30) | 4.0 (29/11/2008) | | |
| Precipitación acumulada | 61 | 96-118 | 288 (2000) | 2 (1981) |
| Días de chuvia (≥1mm) | 12 | 12 | 26 (2000) | 1 (1981) |

Comentario: Mes moi frío tendo en conta as temperaturas mínimas, e moi cálido para as máximas. Como resultado disto este mes de novembro considérase frío en canto á temperatura media.

A precipitación rexistrada é moi inferior ao valor climático normal, polo que o mes considérase moi seco. Sen embargo, o número de días de chuvia acadou o valor climático normal..

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1981-2017. Temperatura: 1981-2017

PONTEVEDRA (LOURIZÁN)

| | NOVEMBRO 2017 | VALORES CLIMÁTICOS* | valor máximo da serie | valor mínimo da serie |
|-------------------------|------------------|------------------------|--------------------------|--------------------------|
| Tª media | 12.3 | 12.2 | 14.8 (2006) | 9.9 (1966) |
| Tª mínima media | 7.1 | 7.7 | 10.6 (2006) | 4.5 (1971) |
| Tª mínima absoluta | 1.3 (día 28) | -1.5 (30/11/1963) | | |
| Tª mínima máis alta | 14.6 (día 23) | 17.8 (02/11/2002) | | |
| Tª máxima media | 17.4 | 16.7 | 19.9 (1981) | 14.6 (1976) |
| Tª máxima absoluta | 21.4 (día 22) | 26.3 (02/11/1987) | | |
| Tª máxima máis baixa | 12.9 (día 29) | 7.4 (30/11/2008) | | |
| Precipitación acumulada | 75 | 164-269 | 480 (1997) | 1 (2001) |
| Días de chuvia (≥1mm) | 6 | 14 | 25 (2009) | 0 (2001) |

Comentario: Mes normal nas medias e nas mínimas, mentres que nas máximas o mes resultou cálido. A precipitación rexistrada foi moi inferior ao rango de valores normais, considerándose o mes moi seco. Tamén o número de días de chuvia foi moito menor do agardado.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación:1958-2016. Temperatura: 1958-2017



OURENSE

| | NOVEMBRO 2017 | VALORES CLIMÁTICOS* | valor máximo da serie* | valor mínimo da serie* |
|-------------------------|------------------|------------------------|---------------------------|---------------------------|
| Tª media | 10.0 | 11.1 | 13.9 (1983) | 9.1 (2001) |
| Tª mínima media | 3.7 | 6.3 | 9.5 (1983) | 1.6 (2007) |
| Tª mínima absoluta | -2.4 (día 30) | -6.8 (24/11/1988) | | |
| Tª mínima máis alta | 12.1 (día 24) | 17.8 (07/11/1985) | | |
| Tª máxima media | 16.2 | 15.9 | 18.2 (2006) | 13.3 (1980) |
| Tª máxima absoluta | 21.9 (día 22) | 26.1 (07/11/2015) | | |
| Tª máxima máis baixa | 10.6 (día 7) | 3.8 (29/11/1990) | | |
| Precipitación acumulada | 70 | 76-113 | 240 (1997) | 0 (1981) |
| Días de chuvía (≥1mm) | 6 | 11 | 24 (1997) | 0 (1981) |

Comentario: Mes moi frío tendo en conta as temperaturas mínimas, mentres que para as máximas foi lixeiramente cálido. Como resultado disto o mes foi frío en canto á temperatura media.

A precipitación rexistrada aínda que menor que o rango de valores normais, acadou un valor moi próximo á normalidade. Os días de chuvía, sen embargo, foron case a metade dos agardados nun mes de novembro nesta localidade.

* Valores climáticos 1981-2010. Precipitación: 1973-2016. Temperatura: 1972-2017

5 TEMPERATURA

En canto ás temperaturas, o máis salientable foron as anomalías positivas nas temperaturas máximas e as negativas nas mínimas, o que deixa temperaturas medias moi preto da normalidade. Este comportamento podémolo atribuír á presenza de moitos períodos anticiclónicos que neste mes, coas noites longas e os ceos despexados, deixan situacións de frío nas madrugadas, pero a cambio temperaturas que durante o día son elevadas, principalmente na primeira quincena do mes.

5.1. Temperatura media das máximas.




Figura 3: Mapa de temperatura media das máximas do mes de novembro de 2017.

O valor medio das temperaturas máximas no mes de novembro para Galicia, a partir dos valores do mapa, foi de 13.7 °C. Os valores máis baixos rexistráronse principalmente nas zonas altas da montaña Luguesa e Ourenzá, con valores próximos aos 6 °C. Por outra banda, os valores máis altos déronse principalmente nalgúns locais da Ría de Vigo e o Baixo Miño, que estiveron preto dos 18 °C.

5.2. Temperatura media das mínimas.

O valor medio das temperaturas mínimas no mes de novembro para o territorio galego foi de 5.0 °C, sendo os valores máis baixos os rexistrados nas comarcas da Limia e Verín, onde se acadaron valores lixeiramente por debaixo dos 0°C. Os valores máis altos déronse principalmente na comarca de Vigo e na Península do Morrazo con valores próximos aos 12.5 °C.




Figura 4: Mapa de temperatura media das mínimas do mes de novembro de 2017.

5.3. Anomalía de temperatura media con respecto ao período 1981-2010.

A anomalía da temperatura media no conxunto de Galicia neste mes de novembro, tendo en conta a media dos valores do mapa, foi de + 0.2 °C. Neste mes, hai algunhas localidades que mesmo acadaron anomalías inferiores a 1.5 °C (como a comarca de Bergantiños), mentres que noutras como a comarca de Ortegal superou os + 2°C. As anomalías positivas nas zonas de alta montaña das provincias de Lugo e Ourense, dan conta dos numerosos días de forte inversión térmica que afectaron á Comunidade.




Figura 5: Mapa de anomalía de temperatura media (°C) de novembro respecto ao período 1981-2010.



A continuación móstranse as anomalías máis altas e máis baixas destacables nos concellos da nosa Comunidade, con respecto ó período climático 1981-2010. As anomalías máis altas da Comunidade superan 1 °C (Táboa 1) e as máis baixas, son menores dun grao por debaixo do normal (Táboa 2).

| Anomalías <u>máis altas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010 | | |
|---|-----------|---------------|
| Concello | Provincia | Anomalía (°C) |
| Vilariño de Conso | Ourense | 1.6 |
| Cedeira | A Coruña | 1.6 |
| Pedrafita do Cebreiro | Lugo | 1.6 |
| Veiga (A) | Ourense | 1.5 |
| Triacastela | Lugo | 1.5 |
| Cariño | A Coruña | 1.3 |
| Mezquita (A) | Ourense | 1.3 |
| Castrelo do Val | Ourense | 1.2 |
| Gudiña (A) | Ourense | 1.2 |
| Manzaneda | Ourense | 1.2 |

Táboa 1: Anomalías máis elevadas no mes de novembro de 2017.

| Anomalías <u>máis baixas</u> de temperatura media con respecto ao período 1981-2010 | | |
|--|-----------|---------------|
| Concello | Provincia | Anomalía (°C) |
| Monforte de Lemos | Lugo | -1.4 |
| Coristanco | A Coruña | -1.0 |
| Cabana de Bergantiños | A Coruña | -1.0 |
| Malpica de Bergantiños | A Coruña | -0.9 |
| Ponteceso | A Coruña | -0.9 |
| Ourense | Ourense | -0.8 |
| Lugo | Lugo | -0.8 |
| Sober | Lugo | -0.8 |
| Pantón | Lugo | -0.7 |
| Vilasantar | A Coruña | -0.7 |

Táboa 2: Anomalías máis baixas no mes de novembro de 2017.



Nas táboas 3 e 4 móstranse as temperaturas máximas máis altas rexistradas na Comunidade Galega no mes de novembro de 2017 para estacións situadas por debaixo e por enriba dos 1000 metros de altitude respectivamente. As xornadas entre o 18 e o 22 de novembro e entre o 16 e o 20, presentaron as temperaturas máis altas, por debaixo en por enriba dos 1000m, respectivamente.

| Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2017 | | | | |
|--|-----------------------|------------------|------------|---------|
| por debaixo dos 1000m de altitude | | | | |
| Data | estación | Concello | Provincia | TA (°C) |
| 18/11/2017 | Pontevedra-Campolongo | PONTEVEDRA | Pontevedra | 23.7 |
| 22/11/2017 | Prado | CASTRELO DE MIÑO | Ourense | 23.1 |
| 22/11/2017 | Pedro Murias | RIBADEO | Lugo | 22.8 |
| 10/11/2017 | EVEGA Leiro | LEIRO | Ourense | 22.5 |
| 19/11/2017 | O Viso | REDONDELA | Pontevedra | 22.3 |
| 22/11/2017 | Ourense-Estacións | OURENSE | Ourense | 22.3 |
| 18/11/2017 | Torrequintáns | MEIS | Pontevedra | 22.2 |
| 22/11/2017 | Porto de Vigo | VIGO | Pontevedra | 22.1 |
| 18/11/2017 | Simes | MEAÑO | Pontevedra | 22.1 |
| 18/11/2017 | Entrimo | ENTRIMO | Ourense | 22.1 |

Táboa 3: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2017 a altitude menor de 1000 m.

| Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2017 | | | | |
|--|-----------------|--------------------------|-----------|---------|
| por enriba dos 1000m de altitude | | | | |
| Data | estación | Concello | Provincia | TA (°C) |
| 16/11/2017 | O Invernadeiro | VILARIÑO DE CONSO | Ourense | 19.7 |
| 17/11/2017 | Xurés | MUÍÑOS | Ourense | 18.6 |
| 16/11/2017 | A Mezquita | MEZQUITA (A) | Ourense | 18.6 |
| 16/11/2017 | San Xoán de Río | SAN XOÁN DE RÍO | Ourense | 18.1 |
| 16/11/2017 | Corzos | VEIGA (A) | Ourense | 17.3 |
| 16/11/2017 | O Cebreiro | PEDRAFITA DO CEBREIRO | Lugo | 16.8 |
| 20/11/2017 | Casaio | CARBALLEDA DE VALDEORRAS | Ourense | 15.9 |
| 20/11/2017 | Serra do Eixe | VEIGA (A) | Ourense | 15.8 |
| 19/11/2017 | Ancares | CERVANTES | Lugo | 15.0 |
| 20/11/2017 | Alto do Poio | PEDRAFITA DO CEBREIRO | Lugo | 14.5 |

Táboa 4: Temperaturas máximas máis altas rexistradas no mes de novembro de 2017 a altitude maior de 1000 m.



Nas táboas 5 e 6 móstranse as temperaturas mínimas máis baixas rexistradas na Comunidade Galega no mes de novembro de 2017 para estacións situadas por enriba e por debaixo dos 1000 metros de altitude, respectivamente. As xornadas derradeiras xornadas do mes foron as máis frías, tendo en conta as dúas altitudes.

| Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2017 | | | | |
|---|---------------------|--------------------------|-----------|---------|
| por enriba dos 1000m de altitude | | | | |
| Data | estación | Concello | Provincia | TA (°C) |
| 30/11/2017 | Cabeza de Manzaneda | MANZANEDA | Ourense | -6.7 |
| 30/11/2017 | Corzos | VEIGA (A) | Ourense | -6.6 |
| 30/11/2017 | Xares | VEIGA (A) | Ourense | -6.3 |
| 30/11/2017 | Lardeira | CARBALLEDA DE VALDEORRAS | Ourense | -5.7 |
| 30/11/2017 | O Cebreiro | PEDRAFITA DO CEBREIRO | Lugo | -4.7 |
| 30/11/2017 | Ancares | CERVANTES | Lugo | -4.3 |
| 30/11/2017 | Alto do Poio | PEDRAFITA DO CEBREIRO | Lugo | -4.1 |
| 27/11/2017 | O Invernadeiro | VILARIÑO DE CONSO | Ourense | -3.8 |
| 30/11/2017 | Serra do Eixe | VEIGA (A) | Ourense | -3.2 |
| 14/11/2017 | A Mezquita | MEZQUITA (A) | Ourense | -3.2 |

Táboa 5: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2017 altitude superior a 1000m.

| Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2017 | | | | |
|---|---------------|------------------|------------|---------|
| por debaixo dos 1000m de altitude | | | | |
| Data | estación | Concello | Provincia | TA (°C) |
| 30/11/2017 | Calvos | CALVOS DE RANDÍN | Ourense | -8.9 |
| 21/11/2017 | Verín-Vilela | VERÍN | Ourense | -7.2 |
| 30/11/2017 | Baltar | BALTAR | Ourense | -6.9 |
| 28/11/2017 | Morelle | SARRIA | Lugo | -5.7 |
| 30/11/2017 | Mouriscade | LALÍN | Pontevedra | -5.7 |
| 28/11/2017 | Lanzós | VILALBA | Lugo | -5.7 |
| 28/11/2017 | Xinzo | XINZO DE LIMIA | Ourense | -5.6 |
| 28/11/2017 | Bóveda | BÓVEDA | Lugo | -5.1 |
| 30/11/2017 | Viana do Bolo | VIANA DO BOLO | Ourense | -4.3 |
| 30/11/2017 | EVEGA Leiro | LEIRO | Ourense | -4.1 |

Táboa 6: Temperaturas mínimas máis baixas rexistradas no mes de novembro de 2017 altitude inferior a 1000m.

5.4. Evolución da temperatura media no período 1961-2017.

Na figura 6 pode verse a evolución da temperatura media das once estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2017 para esta serie foi 10.4 °C.




Figura 6: Temperatura media ó longo do período 1961-2017 para novembro.

A anomalía media da temperatura para este mes de novembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de -0.44 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como normal. Isto debeuse principalmente a que as temperaturas máximas, presentaron unha anomalía de +0.47 °C, mentres que as mínimas presentaron unha anomalía negativa de -1.35 °C. O anterior mes de novembro, no 2016 xa fora lixeiramente máis frío que este.




Figura 7: Evolución da anomalía de temperatura media en novembro, respecto ó período 1981-2010.

6 PRECIPITACIÓN

As precipitacións estiveron en xeral por debaixo do agardado nun mes de novembro. As cantidades de chuvia acumulada estiveron no entorno da metade da que debería caer nun mes normal, agás algúns puntos de Lugo e Ourense, que se achegan algo máis á normalidade. O mesmo sucede cos escasos días de chuvia na metade sur, fronte aos que houbo no norte, que estiveron preto da normalidade.

A chuvia media no mes de novembro obtida a partir dos valores do mapa (figura 8) foi de 86 L/m², resultando un mes de novembro moi seco en xeral en toda a Comunidade. Os valores máis altos acadáronse nas comarcas do Baixo Miño e O Condado, onde choveu de forma significativa na xornada do 24.

6.1. Precipitación acumulada mensual novembro 2017




Figura 8: Mapa de precipitación acumulada no mes de novembro de 2017.

6.2. Porcentaxe de valor acumulado de precipitación con respecto ao valor normal.

No mapa da figura 9 pódese ver a porcentaxe de precipitación no mes de novembro con respecto aos valores climáticos, sendo o 100% o valor normal. O valor medio para o conxunto do territorio galego foi un 50 % inferior ao período de referencia 1981-2010. Só na Mariña Luguesa, a chuvia acadou porcentaxes por riba das normais.




Figura 9: Porcentaxe da precipitación acumulada con respecto aos valores normais do período 1981-2010 do mes de novembro de 2017.

6.3. Días de chuva en novembro de 2017

O número medio de días de chuva (maior ou igual a 1 L/m^2) foi de 9.1. Nótase neste caso un gran contraste entre o Norte da Comunidade, onde se acadaron valores normais de días de chuva para esta época do ano, e o Sur, onde os valores estiveron moi por debaixo do esperado.




Figura 10: Días de chuva superior a 1 L/m^2 durante o mes de novembro de 2017.

A táboa 7 mostra as cantidades máximas de precipitación mensual medidas na rede de estacións meteorolóxicas de MeteoGalicia durante o mes de novembro. Pódese observar como as chuvias máis altas rexistradas correspóndense a distintas localidades moi condicionadas ás situacións sinópticas das xornadas que deron lugar a precipitación, sendo para a provincia de Pontevedra a máis relevante, o 24 de novembro.

| Precipitacións acumuladas máximas en novembro de 2017 | | | |
|---|--------------------|------------|----------------------------|
| Estación | Concello | Provincia | Chuvia (L/m ²) |
| Monte Aloia | TUI | Pontevedra | 175 |
| Meder | SALVATERRA DE MIÑO | Pontevedra | 158 |
| A Gándara | VIMIANZO | A Coruña | 154 |
| Entenza | SALCEDA DE CASELAS | Pontevedra | 152 |
| Lourenzá | LOURENZÁ | Lugo | 146 |
| Fornelos de Montes | FORNELOS DE MONTES | Pontevedra | 143 |
| A Lanzada | GROVE (O) | Pontevedra | 139 |
| A Pontenova | PONTENOVA (A) | Lugo | 139 |
| Fragavella | ABADÍN | Lugo | 138 |
| Xurés | MUÍÑOS | Ourense | 136 |

Táboa 7: Precipitacións mensuais máis altas rexistradas no mes de novembro de 2017.

| Precipitacións máximas en 24 horas (L/m ²) | | | | |
|--|--------------------|------------|----------------------------|--------------------------|
| Estación | Concello | Provincia | Chuvia (L/m ²) | Instante de inicio (UTC) |
| A Lanzada | GROVE (O) | Pontevedra | 97 | 02/11/2017 07:30 |
| Monte Aloia | TUI | Pontevedra | 93 | 23/11/2017 20:10 |
| Tremoedo | VILANOVA DE AROUSA | Pontevedra | 73 | 02/11/2017 08:00 |
| Barrantes | RIBADUMIA | Pontevedra | 66 | 02/11/2017 06:40 |
| Xurés | MUÍÑOS | Ourense | 64 | 24/11/2017 00:50 |
| Castro Vicaludo | OIA | Pontevedra | 64 | 23/11/2017 19:40 |
| Corrubedo | RIBEIRA | A Coruña | 64 | 02/11/2017 06:40 |
| Meder | SALVATERRA DE MIÑO | Pontevedra | 59 | 23/11/2017 20:30 |
| Cequeliños | ARBO | Pontevedra | 56 | 23/11/2017 20:30 |
| O Invernadeiro | VILARIÑO DE CONSO | Ourense | 56 | 23/11/2017 22:00 |

Táboa 8: Precipitacións máis altas en 24 horas rexistradas no mes de novembro de 2017.

6.4. Evolución da precipitación en novembro de 2017

Na figura 11 pode verse a evolución da precipitación media das 16 estacións que compoñen a serie rexional. O valor medio en 2017, para esta serie, foi 84 L/m².




Figura 11: Precipitación ó longo do período 1961-2017 para novembro.

A anomalía media das precipitacións para este mes de novembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 48 % por debaixo do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como moi seco, tendo en conta a totalidade da Comunidade. O precedente máis seco foi novembro de 2015.




Figura 12: Evolución da anomalía de precipitación en novembro, respecto ó período 1981-2010.



7 VENTO

Na seguinte táboa móstranse as estacións que rexistraron un valor de refacho máximo de vento igual ou superior a 100 km/h . Destacan a xornada do día 22 na que se rexistraron elevados refachos máximos de vento en moitas localidades galegas. Así mesmo a gran estabilidade que se deu durante o mes reflíctese na elevada porcentaxe de calmas que presentan algunhas das estacións.

| Refachos máximos superiores aos 100 km/h en novembro | | | | |
|--|---------------------|--------------------------|------------|----------------|
| Data | Estación | Concello | Provincia | Refacho (km/h) |
| 22/11/2017 | Penedo do Galo | VIVEIRO | Lugo | 146.7 |
| 22/11/2017 | Lardeira | CARBALLEDA DE VALDEORRAS | Ourense | 137.1 |
| 22/11/2017 | Xesteiras | CUNTIS | Pontevedra | 129.7 |
| 22/11/2017 | Punta Candieira | CEDEIRA | A Coruña | 127.7 |
| 22/11/2017 | A Gándara | VIMIANZO | A Coruña | 124.1 |
| 22/11/2017 | Cabo Udra | BUEU | Pontevedra | 123.7 |
| 22/11/2017 | Burela | BURELA | Lugo | 119.8 |
| 22/11/2017 | Marco da Curra | MONFERO | A Coruña | 118.2 |
| 22/11/2017 | A Pontenova | PONTENOVA (A) | Lugo | 116.9 |
| 22/11/2017 | Muralla | LOUSAME | A Coruña | 115.1 |
| 22/11/2017 | Ancares | CERVANTES | Lugo | 115.0 |
| 22/11/2017 | Castro Vicaludo | OIA | Pontevedra | 114.0 |
| 22/11/2017 | Foz | FOZ | Lugo | 106.5 |
| 22/11/2017 | Casaio | CARBALLEDA DE VALDEORRAS | Ourense | 104.8 |
| 22/11/2017 | Serra do Eixe | VEIGA (A) | Ourense | 103.4 |
| 22/11/2017 | Río do Sol | CORISTANCO | A Coruña | 103.0 |
| 22/11/2017 | Serra do Faro | RODEIRO | Pontevedra | 102.3 |
| 22/11/2017 | Cabeza de Manzaneda | MANZANEDA | Ourense | 101.7 |
| 22/11/2017 | Ons | BUEU | Pontevedra | 101.6 |





Táboa 9: Refachos máximos superiores aos 100 km/h no mes de novembro.






| PROVINCIA DE A CORUÑA | | | | | | |
|-----------------------|----------|-----------------------|----------------------|----------|--|---|
| Estación | Concello | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| Lira | Carnota | 97.0 | NE | 22 | <p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Lira (19113) # 112017</p> | <p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Lira (19113) # 112017</p> |
| | | Día 22 | | | | |
| Pta. Candieira | Cedeira | 127.7 | NE | 17 | <p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Punta Candieira (10920) # 112017</p> | <p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Punta Candieira (10920) # 112017</p> |
| | | Día 22 | | | | |
| Malpica | Malpica | 90.7 | SE | 9 | <p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Malpica (10048) # 112017</p> | <p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Malpica (10048) # 112017</p> |
| | | Día 22 | | | | |
| Marco da Curra | Monfero | 118.2 | N | 8 | <p>INTENSIDADES PONDEADAS COA DIRECCIÓN Marco da Curra (10046) # 112017</p> | <p>VELOCIDADE MEDIA DO VENTO (m/s) Marco da Curra (10046) # 112017</p> |
| | | Día 22 | | | | |

Táboa 10: Resumo do vento no mes de Novembro de 2017 na provincia de A Coruña.



| PROVINCIA DE LUGO | | | | | | |
|-------------------|-----------|-----------------------|----------------------|----------|---|--|
| Estación | Concello | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| Burela | Burela | 119.8 | E | 9 |  |  |
| | | Día 22 | | | | |
| Ancares | Cervantes | 115.0 | NE | 14 |  |  |
| | | Día 21 | | | | |

Táboa 11: Resumo vento no mes de Novembro de 2017 na provincia de Lugo

| PROVINCIA DE OURENSE | | | | | | |
|----------------------|----------|-----------------------|----------------------|----------|--|---|
| Estación | Concello | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| Xurés | Muiños | 81.8 | NE | 10 |  |  |
| | | Día 23 | | | | |
| Rodicio | Maceda | 80.1 | NE | 13 |  |  |



| PROVINCIA DE OURENSE | | | | | | |
|----------------------|----------|-----------------------|----------------------|----------|-------------------------|--------------------------------|
| Estación | Concello | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| | | Día 22 | | | | |
| Gandarela | Celanova | 59.4 | SE | 57 | | |
| | | Día 22 | | | | |

Táboa 13: Resumo do vento no mes de Novembro de 2017 na provincia de Ourense.

| PROVINCIA DE PONTEVEDRA | | | | | | |
|-------------------------|--------------------|-----------------------|----------------------|----------|-------------------------|--------------------------------|
| Estación | Concello | Refacho máximo (km/h) | Compoñente dominante | % calmas | Rosa dos ventos mensual | Velocidade media mensual (m/s) |
| | | Data | | | | |
| | | Día 22 | | | | |
| Fornelos | Fornelos de Montes | 94.3 | S | 19 | | |
| | | Día 22 | | | | |
| Ons | Bueu | 101.6 | NE | 10 | | |
| | | Día 22 | | | | |

Táboa 14: Resumo do vento no mes de novembro de 2017 na provincia de Pontevedra.

8 RADIACIÓN SOLAR

8.1. Mapa de irradiación solar mensual





Figura 13: Irradiación mensual ($10 \text{ kJ m}^{-2} \text{ día}^{-1}$) para o mes de novembro de 2017.

8.2. Anomalía de insolación con respecto ó valor normal



40 70 100 130 160

Figura 14: Anomalía de insolación en % respecto ó valor normal calculado no período 1985-2008.

9 RAIOS

A rede de detección de raios de MeteoGalicia rexistrou neste mes de novembro 634 raios. Destaca a xornada do 22 na que se rexistraron 478 (figura 15).




Figura 15: Número de raios por día detectados en Galicia en Novembro de 2017.

A continuación preséntase o número de raios detectados por provincias, como de pode ver, estes raios detectáronse principalmente na provincia de A Coruña.




Figura 16: Número de raios detectados por provincia en Galicia en Novembro de 2017.



Na figura 17, pódese ver o número total de raios rexistrados en novembro en Galicia dende o ano 2010 ao 2017. Nesta gráfica pódese observar que o valor rexistrado este ano rexistráronse valores moi similares a os deste mes dende 2010 ca excepción de 2014 no que se rexistraron ata 5630 raios.




Figura 17: Número total de raios rexistrados en novembro dende 2010 a 2017.

MeteoGalicia

Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Xunta de Galicia



Rede de estacións automáticas da CMA

Ano: 2017 Mes: 11

| Provincia Estación | T ^o C | | | | T ^a Máxima °C | | | T ^a Mínima °C | | | Precipitación l/m2 | | | BHC | Humidade Rel. % | | | Radiación Solar | | | Vento km/h | | | Presión | Nº Días | | |
|------------------------|------------------|-------|------|-----|--------------------------|------|-----|--------------------------|------|-----|--------------------|-----|-----|------|-----------------|-----|-----|-----------------|--------------|---------------------|--------------|-----------|-----|----------|---------|-------|--|
| | Med | Med | Abs | Día | Med | Abs | Día | Med | Abs | Día | Acu | Max | Día | l/m2 | Med | Max | Min | Insolación % | Horas de sol | Irradiación 10kJ/m2 | Veloc. media | Racha max | Día | Med. hPa | Choiva | Xeada | |
| A Coruña | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
| A Gándara | 10.3 | 13.08 | 19.0 | 19 | 8.3 | 3.2 | 30 | 154 | 31.2 | 2 | 106 | 81 | 93 | 66 | 49 | 139 | 695 | 20 | 124 | 22 | 973 | 17 | 0 | | | | |
| Aldea Nova | 11.2 | 14.9 | 19.8 | 19 | 8.6 | 3.1 | 29 | 94 | 19.0 | 24 | 51 | 80 | 93 | 65 | 41 | 118 | 617 | 7 | 77 | 22 | 989 | 16 | 0 | | | | |
| Arzúa | 8.5 | 14.94 | 21.2 | 19 | 3.4 | -4.0 | 30 | 98 | 35.6 | 24 | 59 | 87 | 99 | 61 | 51 | 145 | 736 | 4 | 66 | 22 | 978 | 14 | 8 | | | | |
| Camariñas | 12.4 | 15.45 | 18.1 | 1 | 9.5 | 3.5 | 28 | 94 | 28.6 | 2 | 41 | 82 | 95 | 65 | 52 | 149 | 761 | 16 | 96 | 22 | 1021 | 12 | 0 | | | | |
| Cariño | 13.1 | 15.66 | 21.9 | 22 | 10.4 | 5.8 | 28 | 90 | 36.2 | 4 | 42 | 80 | 94 | 65 | 41 | 117 | 638 | 12 | 96 | 22 | 1021 | 15 | 0 | | | | |
| Cespón | 11.5 | 17.35 | 21.9 | 18 | 7.2 | 0.8 | 28 | 97 | 28.0 | 3 | 54 | 86 | 100 | 60 | 54 | 157 | 749 | 6 | 62 | 22 | 1016 | 8 | 0 | | | | |
| CIS Ferrol | 11.5 | 16.35 | 20.7 | 19 | 7.9 | 1.9 | 28 | 85 | 22.9 | 2 | 42 | 85 | 99 | 62 | 46 | 131 | 688 | 6 | 75 | 22 | 1018 | 16 | 0 | | | | |
| Corrubedo | 12.6 | 16.54 | 18.6 | 21 | 9.5 | 4.1 | 30 | 123 | 58.1 | 3 | 70 | 76 | 90 | 58 | 52 | 142 | 789 | 7 | 77 | 22 | 1017 | 7 | 0 | | | | |
| Coruña-Dique | 12.1 | 15.63 | 20.9 | 22 | 9.0 | 3.2 | 30 | 54 | 20.8 | 24 | - | 80 | 93 | 61 | - | - | - | 13 | 86 | 22 | 1021 | 13 | 0 | | | | |
| Coruña-Torre de Hércul | 12.9 | 16.32 | 21.4 | 21 | 10.1 | 4.4 | 30 | 57 | 19.9 | 24 | - | 73 | 86 | 56 | - | - | - | - | - | - | - | - | 13 | 0 | | | |
| *Costa | 10.8 | 16.07 | 19.7 | 19 | 7.0 | 0.4 | 28 | 95 | 26.3 | 22 | - | 89 | 99 | 68 | - | - | - | 3 | 45 | 22 | 1000 | 10 | 0 | | | | |
| *Coto Muiño | 9.1 | 15.27 | 21.4 | 19 | 4.5 | -3.3 | 28 | 112 | 22.0 | 22 | - | 90 | 99 | 68 | - | - | - | 2 | 57 | 22 | - | 15 | 7 | | | | |
| Fontecada | 9.6 | 14.12 | 19.9 | 19 | 6.3 | -2.0 | 28 | 85 | 21.9 | 2 | 43 | 82 | 94 | 64 | 48 | 138 | 683 | 9 | 88 | 22 | 978 | 15 | 1 | | | | |
| *Guisamo | 11.4 | 15.94 | 20.9 | 19 | 8.4 | 1.7 | 30 | 77 | 26.5 | 24 | - | 75 | 87 | 58 | - | - | - | 2 | 48 | 22 | 1001 | 15 | 0 | | | | |
| *Lesende | 11.4 | 15.94 | 20.3 | 18 | 8.1 | 2.4 | 28 | 125 | 39.6 | 22 | 79 | 76 | 88 | 57 | 51 | 145 | 705 | 3 | 52 | 22 | 1001 | 10 | 0 | | | | |
| Lira | 12.4 | 15.05 | 18.4 | 19 | 10.3 | 5.4 | 30 | 87 | 33.0 | 3 | 30 | 76 | 90 | 62 | 53 | 154 | 737 | 18 | 97 | 22 | - | 11 | 0 | | | | |
| Mabegondo | 9.8 | 16.06 | 20.9 | 22 | 4.6 | -1.9 | 26 | 61 | 18.1 | 24 | 21 | 89 | 100 | 66 | 49 | 141 | 701 | 4 | 86 | 22 | 1010 | 12 | 4 | | | | |
| Malpica | 12.0 | 14.93 | 19.3 | 21 | 9.8 | 5.5 | 27 | 78 | 17.1 | 2 | 29 | 81 | 94 | 66 | 49 | 141 | 694 | 17 | 90 | 22 | 1002 | 17 | 0 | | | | |
| Marco da Curra | 8.5 | 11.77 | 16.7 | 22 | 6.0 | 0.8 | 30 | 77 | 22.4 | 24 | 34 | 83 | 93 | 68 | 41 | 118 | 649 | 16 | 118 | 22 | 946 | 16 | 0 | | | | |
| Melide | 8.8 | 14.86 | 21.9 | 19 | 4.1 | -2.3 | 30 | 57 | 25.7 | 24 | 15 | 81 | 95 | 58 | 52 | 149 | 731 | 5 | 58 | 22 | 966 | 11 | 5 | | | | |
| Muralla | 9.4 | 12 | 17.8 | 19 | 7.2 | 1.7 | 30 | 120 | 37.1 | 3 | 83 | 84 | 94 | 69 | 48 | 139 | 637 | 24 | 115 | 22 | 944 | 15 | 0 | | | | |
| *O Val | 11.0 | 16.31 | 20.0 | 20 | 6.6 | 0.1 | 28 | 68 | 13.5 | 24 | - | 83 | 95 | 63 | - | - | - | 3 | 45 | 2 | 1013 | 15 | 0 | | | | |
| Olas | 9.5 | 13.99 | 20.1 | 19 | 5.9 | 0.2 | 28 | 89 | 26.2 | 22 | 52 | 87 | 97 | 68 | 43 | 122 | 613 | 9 | 82 | 22 | - | 16 | 0 | | | | |
| *Ordes | 8.4 | 14.99 | 20.0 | 19 | 3.2 | -3.5 | 30 | 91 | 28.0 | 22 | - | 85 | 95 | 63 | - | - | - | 3 | 64 | 22 | 989 | 14 | 13 | | | | |
| *Paramos | 9.4 | 13.72 | 18.2 | 19 | 6.2 | 0.4 | 30 | 118 | 26.2 | 2 | - | 92 | 100 | 75 | - | - | - | 7 | 60 | 22 | 979 | 17 | 0 | | | | |
| *Pazo de Galegos | 10.5 | 16.2 | 21.3 | 19 | 5.8 | -2.2 | 30 | 85 | 23.7 | 24 | 43 | 86 | 98 | 66 | 52 | 150 | 749 | 3 | 44 | 22 | 994 | 10 | 2 | | | | |
| Punta Candieira | 12.4 | 14.43 | 19.4 | 22 | 10.3 | 5.9 | 29 | 60 | 9.0 | 24 | -- | 72 | 87 | 58 | 46 | 130 | 671 | 21 | 127 | 22 | 991 | 16 | 0 | | | | |
| Punta Langosteira | 12.6 | 15.47 | 20.0 | 21 | 9.9 | 3.5 | 30 | 40 | 12.6 | 24 | - | 84 | 98 | 66 | 47 | 116 | 642 | 15 | 99 | 22 | 1019 | 15 | 0 | | | | |
| Río do Sol | 9.4 | 12.46 | 19.5 | 19 | 7.2 | 2.3 | 30 | 124 | 18.8 | 24 | 84 | 85 | 95 | 71 | 46 | 131 | 641 | 18 | 103 | 22 | 958 | 17 | 0 | | | | |
| *Rus | 10.1 | 16.28 | 21.8 | 19 | 5.3 | -1.6 | 28 | 114 | 23.8 | 24 | - | 90 | 99 | 67 | - | - | - | 3 | 68 | 22 | 1005 | 17 | 5 | | | | |
| Sálvora | 12.7 | 15.54 | 18.0 | 19 | 10.5 | 6.1 | 28 | 102 | 51.6 | 3 | 44 | 80 | 92 | 63 | 62 | 180 | 862 | 17 | 88 | 22 | - | 8 | 0 | | | | |
| Santiago-EOAS | 10.4 | 15.19 | 20.1 | 19 | 6.7 | 0.2 | 28 | 100 | 24.0 | 2 | 57 | 83 | 95 | 63 | 50 | 144 | 734 | 6 | 78 | 22 | 991 | 11 | 0 | | | | |
| Santiago-San Lázaro | 10.0 | 14.72 | 20.8 | 19 | 5.9 | -1.4 | 28 | 90 | 22.8 | 2 | 47 | 82 | 93 | 63 | 50 | 143 | 721 | 8 | 68 | 22 | 985 | 13 | - | | | | |
| Sergude | 10.0 | 15.79 | 20.7 | 19 | 6.0 | -1.6 | 30 | 76 | 23.0 | 24 | - | 85 | 97 | 62 | 40 | 114 | 637 | - | - | - | - | 10 | 2 | | | | |
| Serra da Faladoira | 9.1 | 11.81 | 16.6 | 22 | 7.1 | 2.3 | 29 | 118 | 20.3 | 24 | 76 | 84 | 95 | 70 | 43 | 124 | 660 | 16 | 92 | 22 | 954 | 18 | 0 | | | | |

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.

| | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | | |
|-------------|------|-------|------|----|-----|-----|----|-----|------|----|----|----|----|----|----|-----|-----|----|-----|----|-----|----|---|
| Vigo | 12.8 | 18.01 | 22.0 | 19 | 9.3 | 2.9 | 30 | 84 | 25.2 | 3 | - | 72 | 88 | 51 | - | - | - | - | - | - | 7 | 0 | |
| Vigo-Campus | 11.6 | 14.62 | 20.3 | 18 | 9.4 | 4.1 | 30 | 105 | 29.7 | 24 | 44 | 69 | 84 | 54 | 61 | 178 | 862 | 8 | 94 | 22 | 967 | 9 | 0 |
| Xesteiras | 9.3 | 11.9 | 19.6 | 19 | 7.1 | 1.2 | 30 | 100 | 30.0 | 24 | - | 78 | 90 | 64 | - | - | - | 27 | 129 | 22 | - | 16 | 0 |

* Mide a velocidade do vento a menos de 10 metros.

--Non hai datos

- Non se mide este parámetro nesta estación.